

Boletín CAIA 08

Xuño 2024



A POI abre un novo proceso participativo de cara o Día dos Dereitos da Infancia

Este ano o proceso participativo da POI centrarase na análise do cumprimento de 4 dereitos recollidos na Convención sobre os dereitos da Infancia: o dereito á non discriminación, dereito ó xogo e tempo libre, o dereito á protección fronte á violencia e o dereito á saúde.

Podedes atopar máis información premendo [aquí](#).



#(Des)conectad@s Diagnóstico sobre a relación da adolescencia cos discursos de odio na contorna dixital

Con este estudo podemos coñecer como os discursos de odio penetran na infancia e adolescencia a través das redes sociais.



Propostas para transformar os centros residenciais

Propostas recollidas á nenos, nenas e adolescentes que se atopan en situación de acollida residencial sobre como se pode mellorar a situación nos centros.




Celebrando el Día de Europa con la voz de la infancia

Os nenos e nenas piden ós candidatos/as eurodiputados/as que nestas eleccións voten pola infancia.



A Unión Europea non é allea para os xoves

De cara as eleccións europeas estas son as opinións da xuventude: o 38% dos xoves indica que o voto é a acción máis eficaz para facer escoitar a súa voz e o 64% afirma que interesarse en política pasa por participar en actividades e organizacións.



Galicia é a única Comunidade Autónoma que non ten unha lei específica de infancia

Cabe a necesidade de resaltar a necesidade de contar cunha lei específica de atención á infancia na comunidade para seguir loitando por acadar os dereitos necesarios



España bate o seu récord histórico en carencia material severa nos fogares con nenas, nenos e adolescentes

Neste artigo podemos ver como a carencia material en fogares onde hai nenos, nenas e adolescentes aumenta máis cada ano xunto cas graves consecuencias que isto acarrea



O CAIA prepara o un novo pleno para este mes de xuño

Será o vindeiro martes 25 de xuño na sede da EGAP pola mañá. E pola tarde, o CAIA, terá unha reunión ca Valedora do Pobo na súa sede.

Experiencias noutros territorios



A infancia pide no Congreso dos Deputados unha maior protección dos seus dereitos

Oito chicos e chicas de entre 12 e 17 anos foron encargados de presentar ante a Comisión as ideas e propostas da infancia e adolescencia do noso país.

Ademais, pediron ós deputados e deputadas da Comisión de Xuventude e Infancia que a súa voz, demandas e propostas sexan tidas en conta.



“Que las redes no te coman el coco”, novo vídeo de Charlando con EPIC

Dous dos integrantes do grupo EPIC fálannos sobre os perigos das redes sociais, e como se están a converter nunha ferramenta de control social.



Presentación 'Estratexia de loita contra a pobreza infantil en Cataluña'

Vogais do CNIAC acudiron a presentación da Estratexia de loita contra a pobreza infantil en Cataluña.



Presentación del protocolo de violencia infantil en centros sanitarios

No CEPIA tiveron a oportunidade de formar parte da mesa de diálogo durante o acto de presentación deste protocolo

Podes atopalo nas redes sociais:

[@cepiagob](#)



Perfíl de Instagram do **Consello Estatal de Participación da Infancia e Adolescencia de España**.

[@unicef_es](#)




Na conta de Tik Tok Unicef, estanse subindo vídeos creados polo grupo asesor, no que forman parte vogais do CAIA.

[@xeracion do presente](#)



Grupo de mozos e mozas enfocados na participación infantil e adolescente por toda Galicia.

[@iocyp](#)



International Organization of Children and Youth Participation.

Asociación emerxente de persoas entre 14 e 25 anos, que nace co obxectivo de empoderar ós NNA e a xuventude como axentes de cambio.